

**Dirección Xeral de Formación Profesional**  
**Rede de Integrados de Formación Profesional**

## Modelo MD85PRO01

# Programación de módulo

Módulo: **Relacións no entorno de traballo (RET)**

Profesor/a: **Alma Díaz Gorgozo, Cristina Mirás Palacios, Dulce Rodríguez Anidos, Luis Cortés Gómez.**

Curso: **2025 - 2026**

CIFP: **Leixa (Ferrol)**

## Índice

---

1	Identificación da programación .....	3
1.1	Centro educativo.....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
1.2	Ciclo formativo .....	3
1.3	Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*) .....	3
1.4	Profesorado responsable .....	3
2	Capacidades terminais elementais e contidos .....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
2.1	Primeira parte da proba.....	3
2.1.1.	Capacidades terminais do currículo que se tratan.....	3
2.1.2.	Contidos que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado .....	3
2.2	Segunda parte da proba.....	4
2.2.1.	Capacidades terminais do currículo que se tratan.....	4
2.2.2.	Contidos que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado .....	4
3	Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación .....	5
4	Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento .....	5
4.1	Primeira parte da proba.....	5
4.2	Segunda parte da proba.....	6

## 1 Identificación da programación

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025-2026

### 1.1 Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
19(SAN)	Sanidade	CM19001	Coidados Auxiliares de Enfermaría	Medio	Ordinario

### 1.2 Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP06	Relacións no Entorno de Traballo	1º	2	55	55

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración.

### 1.3 Profesorado responsable

<b>Elaboración</b>	Alma Díaz Gorgozo, Cristina Mirás Palacios, Dulce Rodríguez Anidos, Luis Cortés Gómez.
<b>Impartición</b>	Alma Díaz Gorgozo, Cristina Mirás Palacios, Dulce Rodríguez Anidos, Luis Cortés Gómez.

## 2 Capacidades terminais elementais e contidos

### 2.1 Primeira parte da proba

#### 2.1.1. Capacidades terminais do currículo que se tratan

Criterios de avaliación do currículo
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Describir as diferentes vías e sentidos da comunicación no ámbito laboral que permitan recibir e transmitir instrucións e información</li> <li>- Utilizar de maneira eficaz as técnicas de comunicación orais e escritas</li> <li>- Analizar as relacións humanas en xeral e as relacións humanas no ámbito laboral ou relacións laborais en particular</li> <li>- Analizar os conflitos e resolver, no ámbito das súas competencias, problemas que se orixinan no contorno dun grupo de traballo</li> <li>- Integrarse nun equipo de traballo unificando e coordinando as necesidades do grupo nuns obxectivos, políticas e/ou directrices predeterminadas</li> <li>- Participar e/ou moderar reunións, colaborando activamente ou conseguindo a colaboración dos participantes</li> <li>- Impulsar o proceso de motivación e analiza-la súa influencia no clima laboral</li> </ul>

#### 2.1.2. Contidos que se aplicarán para a verificación da consecución das capacidades elementais terminais por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tipos de comunicación</li> <li>- Técnicas de comunicación</li> <li>- Comunicación oral e escrita de instrucións</li> <li>- A mensaxe publicitaria</li> <li>- A comunicación como xeradora de comportamentos</li> </ul>

- Dificultades e barreiras na comunicación
- Concepto de e os elementos dunha negociación
- Tácticas negociadoras
- Proceso de resolución de problemas
- Aplicación dos métodos máis usuais para a resolución de problemas a toma de decisións en grupo
- As relacións humanas: a personalidade, as actitudes, os prexuízos, a solidaridade
- As relacións laborais: teoría de Taylor, Ford, Mayo
- As relacións humanas na empresa
- Características dos grupos formais e informais
- Tipos de grupos e metodoloxías do traballo en grupo
- Roles de comportamentos
- Técnicas de dinamización e dirección de grupos
- A reunión de traballo e os tipos de reunións
- Concepto de motivación
- Principais teorías da motivación
- O clima laboral
- O clima laboral e a súa influencia na produtividade na empresa

## 2.2 Segunda parte da proba

### 2.2.1. Capacidades terminais do currículo que se tratan

#### Resultados de aprendizaxe do currículo

- Describir as diferentes vías e sentidos da comunicación no ámbito laboral que permitan recibir e transmitir instrucións e información
- Utilizar de maneira eficaz as técnicas de comunicación orais e escritas
- Analizar as relacións humanas en xeral e as relacións humanas no ámbito laboral ou relacións laborais en particular
- Analizar os conflitos e resolver, no ámbito das súas competencias, problemas que se orixinan no contorno dun grupo de traballo
- Integrarse nun equipo de traballo unificando e coordinando as necesidades do grupo nuns obxectivos, políticas e/ou directrices predeterminadas
- Participar e/ou moderar reunións, colaborando activamente ou conseguindo a colaboración dos participantes
- Impulsar o proceso de motivación e analiza-la súa influencia no clima laboral

### 2.2.2. Contidos que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

#### Criterios de avaliación do currículo

- Elaboración de documentos a partir de datos concretos
- Utilización de diferentes formas e tipos de envío de información e documentación
- Descrición das fases que compoñen unha entrevista persoas con fins publicitarios
- Identificar as alteracións producidas na comunicación dunha mensaxe, na que existe disparidade entre o emitido e o percibido
- Identificación dos problemas, factores e causas que xeran un conflito
- Discriminar entre datos e opinións
- Distinguir as diferentes posturas e intereses que poden existir entre as/os traballadoras/es e dirección dunha organización
- Presentación clara e ordenadamente o proceso seguido e os resultados obtidos na resolución dun problema
- Identifica a formación e funcionamento dos grupos
- Identificación das pautas de conduta que deben adoptar os participantes dun grupo de traballo
- Aplicación das técnicas para á dinamización de grupos
- Descrición da tipoloxía de participantes dunha reunión
- Simulación o desenvolvemento dunha reunión de traballo sobre un problema laboral
- Analizar a actitude humana fronte o traballo
- Detectar o proceso de motivación tomando exemplos da realidade
- Identificación as diferentes teorías entre as principais teorías sobre a motivación
- Distinguir os factores que contribúen á creación dun clima laboral positivo dos que xerarían un clima laboral negativo

### 3 Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O alumnado para acadar a cualificación de 5, deberá ser capaz de:

- Identificar o proceso de comunicación, elementos, etapas, formas e tipos, dificultades e barreiras
- Recoñecer gráfica e conceptualmente as distintas redes comunicativas.
- Identificar os distintos tipos de conflitos, a súa orixe, etapas e tipos de procesos para a súa resolución.
- Coñecer as causas dos conflitos segundo os distintos autores.
- Coñecer que é conveniente ter en conta ao analizar un conflito. Proceso de negociación, etapas, roles.
- Identificar as formas de exteriorización e solución de conflitos.
- Describir os aspectos a ter en conta na etapa de primeiros pasos dunha negociación.
- Diferenciar os diferentes estilos de negociación ( cooperativo, competitivo, distributivo, acomodativo, evitativo).
- Identificar as distintas fases, tácticas e estratexias dunha negociación.
- Explicar o grupo e o equipo de traballo. Vantaxes e inconvenientes dos equipos.
- Identificar as distintas etapas de creacións grupos. Obxectivos dos equipos
- Identificar as técnicas de dinámicas de equipos máis axeitas en cada caso.
- Coñecer a formación de equipos formais e informais.
- Aplicar a forma de toma de decisións máis axeitada. Procesos para a toma de decisións.
- Aplicar determinadas dinámicas de grupo que permitan a adecuación dos membros e o desenvolvemento de obxectivos.
- Definir a motivación no entorno laboral.
- Explicar as grandes teorías da motivación.
- Identificar as técnicas de motivación aplicables ao entorno laboral.
- Seleccionar e aplicar técnicas de motivación adecuadas a cada situación.
- Tipos e funcións das reunións de traballo

### 4 Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

#### 4.1 Primeira parte da proba

##### Proba teórica

Exame teórico. A proba estará composta por unha batería de preguntas tipo test , sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Esta primeira parte da proba será puntuada de cero a dez puntos . Cada dúas preguntas erróneas restarase unha correcta. As preguntas en branco non restan puntuación. Para entender superada a proba o/a alumno/a deberá acadar unha puntuación mínima de 5 puntos

A parte teórica, que terá carácter eliminatorio , de xeito que se non se supera, xa non se poderá acceder á parte práctica e polo tanto o módulo estará suspenso.

O/a alumno/a disporá para a realización desta proba dun máximo de dúas horas e deberá vir provisto, únicamente, de bolígrafo negro ou azul e calculadora non programable.

## 4.2 Segunda parte da proba

### Proba práctica

A realización de dita proba ten as seguintes características:

O alumnado que supere a primeira parte da proba realizará unha segunda proba, tamén de carácter eliminatorio, e consistirá no desenvolvemento de cinco (5) supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Esta segunda parte da proba será puntuada de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

Se o/a alumno/a supera as dúas partes (teórica e práctica) a nota final do módulo será a media aritmética dos puntuacións obtidas na primeira e na segunda proba.

A/o alumna/o disporá para a realización desta proba dun máximo de dúas horas e deberá vir provisto, únicamente, de bolígrafo negro ou azul e calculadora non programable.